

CELADORES/AS:

unha profesión necesaria,
unha profesión cualificada

**unha aposta de
CIG-SAÚDE**





A CUALIFICACIÓN DAS/OS CELADORAS/ES

UNA PROFESIÓN NECESARIA, UNA PROFESIÓN CUALIFICADA

UNHA APOSTA DE CIG-SAÚDE

No mes de outubro de 2007, o INCUAL (Instituto Nacional de Cualificacións), achéganos o cuestionario para o contraste externo da cualificación profesional “ ***daqueles profesionais que realizen a información, traslado e mobilización no ámbito sanitario***”. Trátase dun organismo do Consello Xeral de Formación Profesional, dependente do Ministerio de Educación, que elabora o chamado Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, encadrándoas por Familias profesionais e por niveis de cualificación (do 1 ao 5), asignándolle logo os módulos de formación que se consideren oportunos.

Como CIG-Saúde realizamos as alegacións que se poderían resumir en dous aspectos fundamentais:

1. Encadramento na familia SANITARIA, no canto de SERVICIOS SOCIOCULTURAIS.
2. NIVEL II de cualificación, fronte ao Nivel I proposto.

Pasados dous anos a situación, nestos momentos, a nivel do INCUAL é de paralización da CUALIFICACIÓN para as/os celadoras/es, motivada pola oposición de Sanidade de que se nos catalogue na familia sanitaria –non confundir con **persoal sanitario**–, tratando de exportarnos a unha familia profesional estrana no camiño de prescindir do colectivo como persoal estatutario e facilitar a súa privatización. A CIG-SAÚDE non comparte esta decisión e defende **un mellor recoñecemento da profesion e unha maior cualificación das celadoras/es**, que faga xustiza ao traballo que desenvolven a diario nos distintos Centros de Traballo. Chamamos a atención sobre o feito de que é o único colectivo dos que prestan atención directa ao paciente que non evolucionou nen mellorou a súa expectativa; ao contrario, o novo Estatuto Básico do Empregado Público degrádanos na clasificación deixándonos fora do persoal funcionario de carreira (agrupacións profesionais), e anteriormente o novo Estatuto Marco non significou ningunha mellora (deixamos de ser *persoal subalterno non sanitario* para ser encadrados como *outro persoal* dentro de Xestión e Servizos). Cómpre dicir que ambas normas non tiveron o respaldo da CIG-SAÚDE.

Todas estas circunstancias fixeron que CIG-Saúde propoña unha nova iniciativa a través dun camiño distinto, iniciando un novo proceso dende a CONSELLERÍA DE TRABALLO de Galiza, por medio do Instituto Galego de Cualificacións, ao que lle propomos o documento reflexado neste libreto para que lle-lo fagan chegar ao Ministerio de Educación para unha nova valoración, que esperamos sexa agora positiva e que no fundamental insiste no xá reflexado: Familia Sanitaria e Nivel II. (a continuación podedes observa-la resposta da Consellería de Traballo).

Defender a profesión de CELADORA/OR, en tódolos hospitais da rede do Sergas, cunha cualificación axeitada ao traballo desenvolto nos centros sanitários é defender a categoría estatutária e poñerlle atrancos a privatización: **É DEFENDER O FUTURO.**

Esperamos que desta volta o resultado sexa outro, e o Ministerio non esqueza o número tan importante de profesionais que están esperando para poder ter unha CUALIFICACIÓN PROFESIONAL, que lles permita afronta-lo futuro dun xeito máis motivante. Para elo tamén sabemos que vai ser necesario que o colectivo empuxe nessa dirección e lle faga saber ás Administracións que somos unha profesión importante que se merece un mellor recoñecemento.

Asdo.

Grupo Traballo Celadoras/es CIG-Saúde

Xan Ramón Fernández Cid
Secretario de Organización de CIG-Saúde

CUALIFICACIÓN DE CELADORES

Dentro do Catálogo Nacional das Cualificacións elaborouse unha cualificación de **“Traslado e mobilización de usuarios/as e/ou pacientes, documentación e materiais en centros sanitarios”** Esta cualificación ten *nivel 2*, e inclúese dentro da familia profesional de *Servizos Socioculturais e á Comunidade*.

Esta cualificación foi elaborada por un grupo de expertos baixo a dirección metodolóxica do Instituto Nacional de Cualificación, e foi presentada en febreiro de 2010 no Consello Xeral de Formación Profesional para o seu contraste externo, co fin de que as organizacións empresariais, sindicais e profesionais interesadas presentasen cantas propostas considerasen oportunas para mellorar os contidos da cualificación.

Unha vez analizado o perfil e a formación asociada a esta cualificación se constata que aínda que a cualificación se inclúe na familia de servizos socioculturais e á comunidade, os seus contidos son máis propios do área sanitaria. Neste sentido son de desatacar varias cuestións:

- Na competencia xeral da cualificación se indica que este profesional desenvolve a súa actividade nun centro sanitario, e “cumprindo cos protocolos e/ou normativa aplicable nos centros sanitarios”
- No ámbito profesional se sinala que “desenvolve a súa actividade profesional ou por conta allea en institucións ou centros sanitarios de saúde, públicos ou privados, en atención primaria ou especializada”
- Nos sectores produtivos, indícase que “se ubica no sector dos centros sanitarios centros sanitarios de atención primaria, de atención especializada, centros de rehabilitación no ámbito sanitario.”
- En ocupacións ou postos de traballo relevantes cítanse as seguintes:

celador de institucións sanitarias, celador de unidades de hospitalización en centros sanitarios, celador de unidades especiais de centros sanitarios, celador de centros de atención primaria, celador de autopsias, celador de almacén.

- Nas unidades de competencia, nas realizacións e criterios de realización se observa que estes profesionais na súa relación de asistencia aos pacientes e/o u usuarios do sistema sanitario, actúan sempre baixo a supervisión do persoal de enfermería (persoal sanitario.)
- No contexto profesional das VCs, no apartado de medios de produción, se constata que os equipos, útiles e materias que manexan son de carácter sanitario.
- Tamén dentro do contexto, no apartado de información manexada, se constata que é de carácter marcadamente sanitario: historial clínico, protocolos hixiénico-sanitarios, protocolos de mobilización, protocolos de asepsia e illamento, protocolos de limpeza de equipos médicos, etc.
- Nos módulos de formación, no apartado de contidos, tamén se constata que teñen un carácter marcadamente sanitario. Exemplos: documentación e lexislación sanitaria, atención a usuarios e pacientes, material e equipos dun centro sanitario, posicións anatómicas segundo patoloxías e mobilización con axudas técnicas, unidades especiais: quirófano, UVI/UCI, grandes queimados, autopsias, etc.
- Finalmente, aínda que no perfil profesional dos formadores, só se indica, de forma xeral, que deberán posuír formación e experiencia neste “campo profesional”, entendemos que, posto que os celadores actúan baixo a supervisión do persoal de enfermería, a formación deberá correr a cargo de profesionais sanitarios de nivel 3 ou superior.

Por todo o exposto anteriormente, cremos que o ámbito ou sector propio desta ocupación é o sanitario, e que o perfil profesional e a formación desta cualificación teñen un carácter eminentemente sanitario, polo que **propoñemos que esta cualificación se inclúa dentro da**

familia profesional de SANIDADE, e non dentro da familia de servizos socioculturais e á comunidade.

En consecuencia, trasladamos esta proposta ao instituto Nacional de Cualificacións, para que a tomen en consideración.

Atentamente,

A Xefe de Servizo de Deseño e Acreditación das
Cualificacións

Asdo: Ana Pinal Fuentes

I. IDENTIFICACIÓN DO CERTIFICADO DE PROFESIONALIDAD

Denominación: CELADOR SANITARIO

Código: SACXXXXX

Familia Profesional: SANITARIA

Nivel de cualificación profesional: 2

Cualificación profesional de referencia:

SACXXXXX_2 Celador sanitario

Relación de unidades de competencia que configuran o certificado de profesionalidade:

UCXXX1_2: Atención ao público en centros sanitarios.

UCXXX2_2: Técnicas de mobilización e traslado de pacientes e mobilización e traslado de pacientes en servizos especiais.

UCXXX3_2: Ordenación e Traslado de documentación, materiais, equipos, mostras biolóxicas, amputacións e fetos nun Cento Sanitario.

UCXXX4_2: Técnicas de Apoio Psicológico e social ao paciente e aos seus familiares

Competencia xeral:

Aplicar as técnicas de atención e información a pacientes e usuarios e de mobilización e traslado de pacientes en centros sanitarios.

Contorna Profesional:

Ámbito profesional:

Sitúase no ámbito público ou privado, en institucióne e centros sanitarios de At. Primária e Especializada.

Sectores produtivos:

Desenvolve a súa actividade profesional no sector da prestación de coidados de persoas e asimilados, en centros sanitarios tanto públicos como privados.

Ocupacións ou postos de traballo relacionados:

5129.001.2 Celador/a de centro sanitario e/ou camilleiro

Celador/a de institucións sanitarias.

Celador/a de unidades de hospitalización de centros sanitarios.

Celador/a de unidades especiais de centros sanitarios.

Celador de Centros de Saúde de Atención Primaria

Duración da formación asociada: 420 horas

Relación de módulos formativos e de unidades formativas:

MFXXX1_2: Atención ao público en centros sanitarios.

MFXXX2_2: Traslado e Mobilización de pacientes

UFXXX Suxeición e traslado de pacientes

UFXXX Mobilizacións e inmovilización de pacientes

MFXXX3_2 Traslado de documentación, materiais e mostras biolóxicas

MFXXX4_2: Técnicas de apoio psicolóxico e social aos seus familiares

MPXXX5_2: Módulo de prácticas profesionais non laborais de Celador Sanitario

II. PERFIL PROFESIONAL DO CERTIFICADO DE PROFESIONALIDAD

UNIDADE DE COMPETENCIA 1

Denominación: Atención ao público en centros sanitarios.

Nivel: 2

Código: UCXXX1_2

Realizacións profesionais e criterios de realización

RP 1 Organización funcional e orgánica dos centros sanitarios:

- CR1.1. Tipo de centros sanitarios no sistema sanitario español.
- CR1.2. Estrutura funcional dos centros sanitarios: unidades ou servizos.
- CR1.3. Estrutura orgánica dos centros sanitarios. Organigrama.
- CR1.4. Normativa interna dos centros sanitarios.

RP 3 A comunicación interpersonal é o servizo de acollida e atención ao paciente:

- CR3.1. Elementos que interveñen na comunicación: o emisor, o receptor e a mensaxe.
- CR3.2. Estilos de comunicación: pasivo, agresivo e asertivo.
- CR3.3. Tipos de comunicación: verbal e non verbal.
- CR3.4. Barreiras da comunicación.
- CR3.5. Calidades do estilo oral: claridade, concisión, coherencia, sinxeleza e naturalidade.

- CR2.6. Propósitos comunicativos: concreción da idea, adecuación do ton, e uso da palabra exacta.
- CR3.7. Canles comunicativas: auditivo, visual, táctil e olfactivo.
- CR3.8. Vocabulario» da comunicación non verbal: xestos, miradas, posturas, tacto e distancia.
- CR3.9. A linguaxe de realce: movementos de énfase e de aclaración.
- CR3.10. A acollida e a espera: trato ao paciente habitual e trato ao paciente difícil.
- CR3.11. Prestación do servizo: asesorar, facer ou pedir.
- CR3.12. Situacións de tensión: queixas e obxeccións
- CR3.13. Técnica para realizar preguntas e tipos de preguntas.
- CR3.14. Identificación das necesidades do paciente.
- CR3.15. Fixación de prioridades no servizo e atención ao paciente.

RP4 Contidos relacionados coa profesionalidade

- CR4.1. Ser rigoroso no seguimento das normativas da institución.
- CR4.2. Organización na execución secuencial de tarefas.
- CR4.3. Amabilidade e cortesía no trato.
- CR4.4. Asertividade na relación co paciente e os seus familiares.
- CR4.5. Autocontrol emocional.
- CR4.6. Habilidade no cambio de rexistro lingüístico

Contexto profesional. Medios de produción ou creación de servizos

Equipos sanitarios e non sanitarios, equipos informáticos e de comunicación, documentos.

Produtos ou resultado do traballo

Atender e informar ao público nun centro sanitario. Distribución da documentación: manexo e clasificación.

Información utilizada ou xerada

Organigrama do hospital, listado de pacientes, manexo e coñecemento protocolos ingreso. Normativa prevención de riscos, plans de actuación ante catástrofes, catálogos de normas dos servizos dependentes.

UNIDADE DE COMPETENCIA 2

Denominación: Técnicas de mobilización e traslado de pacientes

Nivel: 2

Código: UCXXX2_2

Realizacións profesionais e criterios de realización

RP1 Características e funcionamento dos equipos de traslado:

- CR1.1. Tipos de padiolas.
- CR1.2. Tipos de cadeiras.
- CR1.3. Tipos de camas.
- CR1.4. Tipos de guindastres.
- CR1.5. Accesorios para o traslado.
- CR1.6. Normas de mantemento dos equipos.

RP2 Técnicas de suxeición e de traslado:

- CR2.1. Suxeición na cama.
- CR2.2. Suxeición na padiola.
- CR2.3. Formas de traslado: en cadeira, en padiola e en cama.

- CR2.4. Tipos de traslado: de cama a padiola e de cama a cadeira.
- CR2.5. Traslado de cadáveres.
- CR2.6. Normativa relacionada cos traslados. Circuitos de traslado.

RP3 Anatomía básica:

- CR3.1. Anatomía e fisioloxía: sistema nervioso, sistema circulatorio, aparello respiratorio e aparello dixestivo.
- CR3.3. Armazón corporal: pel, sistema esquelético, sistema muscular e sistema articular.

RP4 Mecánica corporal:

- CR4.1. Ergonomía e mecánica corporal.
- CR4.2. Posicionamento do corpo humano.

RP5 Técnicas de mobilización:

- CR5.1. Mobilización do paciente encamando. Cambios posturais.
- CR5.5. Mobilización para a posición sedente.
- CR5.6. Mobilización para o control de peso.
- CR5.7. Mobilización para o levantamento mediante guindastre médico.

RP6 Técnicas de inmovilización e suxeición:

- CR6.1. Materiais utilizados para a inmovilización e a suxeición.
- CR6.2. Precaucións a ter en conta para evitar lesións.

RP7 Hixiene preventiva:

- CR7.1. Contaminación de materiais.
- CR7.2. Conceptos básicos de enfermidades transmisibles.
- CR7.3. Protección universal.
- CR7.4. Eliminación de residuos sanitarios.

RP8 Contidos relacionados coa profesionalidade

- CR8.1. Sentido da observación.
- CR8.2. Organización na execución secuencial de tarefas.
- CR8.3. Respecto e cortesía no trato.
- CR8.4. Colaboración co persoal de enfermería.
- CR8.5. Prontitude na prestación de axuda e colaboración.
- CR8.6. Preservación da intimidade e pudor do paciente.
- CR8.7. Seguimento das normas de autoprotección, hixiene e seguridade.
- CR8.8. Seguimento das normas de seguridade e dos circuitos no traslado de pacientes e cadáveres.
- CR8.9. Autocontrol emocional.
- CR8.10. Discreción e respecto en situacións delicadas.
- CR8.11. Preservación da intimidade.

RP9: Colaborar na aplicación de técnicas de prevención de accidentes, de acordo aos protocolos establecidos e ás indicacións do superior responsable.

- CR9.1. As técnicas básicas de prevención de accidentes, descritas nos manuais ou protocolos de seguridade, aplícanse en colaboración co persoal sanitario responsable do plan de cuidados, de forma adecuada á situación.

- CR9.2 As intervencións realízanse coas medidas de protección, hixiene e seguridade establecidas tanto para o profesional como para o usuario.
- CR9.3 A existencia dunha urxencia vital comunícase ao responsable designado no protocolo específico eponse en marcha os mecanismos de actuación previstos.
- CR9.4 Mantense informado o equipo interdisciplinar das incidencias ocorridas efectuando o rexistro das mesmas de acordo aos protocolos establecidos.

Contexto profesional

Medios de produción ou creación de servizos

Medios de transporte, accesorios. Axudas técnicas. Equipos de protección, traslado e transferencias. Equipos sanitarios.

Produtos ou resultado do traballo

Traslado e mobilización de pacientes, "éxitus", fetos e amputacións. Mobilización de pacientes para a realización de cometidos asistenciais e probas técnicas. Inmovilización e suxección do paciente para as distintas manobras sanitarias. Evacuación do centro sanitario. Persoa usuaria satisfeita en canto á atención, trato e cobertura das súas necesidades físicas básicas: información, aseo, alimentación, tratamento en caso de urxencia.

Información utilizada ou xerada

Solicitudes de probas. Organigrama do centro sanitario. Historias clínicas. Protocolos de emerxencia e/ou catástrofe. Protocolos hixiénico-sanitarios e autoprotección. Protocolos de illamento. Características do paciente. Medidas de seguridade. Normas de ergonomía. Protocolos de mobilización. Procedementos de prevención de riscos laborais.

UNIDADE DE COMPETENCIA 3

Denominación: Traslado de documentación, materiais e mostras biolóxicas

Nivel: 2

Código: UCXXX3_2

Realizacións profesionais e criterios de realización

RP1 Traslado de documentación en centros sanitarios:

CR1.1 Tipos de documentación de uso habitual en institucións santiarias:

Documentación externa e documentación interna
Radiografías, historias clínicas e peticións.

CR1.2 Canles de tramitación.

CR1.3 Criterios de prioridade

RP2 Traslado de materiais e equipos:

CR2.1 Tipos de materiais e equipos: características básicas.

CR2.2 Medios de transporte

CR2.3 Priorización no traslado

CR2.4 Precaucións durante o traslado

CR2.5. Pautas de observación do funcionamento de diferentes equipos:

Tomas sen carga

Tomas de osíxeno

Bombonas de osíxeno

Bombonas de aire comprimido

RP3 Traslado de mostrás biolóxicas:

- CR3.1. Identificación das mostrás.
- CR3.2. Tipos de recipientes.
- CR3.3. Normas de conservación de mostrás.
- CR3.4. Medios de transporte.
- CR3.5. Priorización no traslado.
- CR3.6. Precaucións durante o traslado.
- CR3.7. Hixiene e autoprotección na manipulación e traslado de mostrás.

RP4 Mantemento xeral de instalacións e servizos:

- CR4.1. Cadros de alarmas: funcionamento.
- CR4.2. Normas de actuación en urxencias.

RP5 Contidos relacionados coa profesionalidade

- CR5.1. Sentido da observación.
- CR5.2. Organización na execución de tarefas.
- CR5.3. Seguimento das normas de seguridade no manexo dos aparellos e instalacións.
- CR5.4. Seguimento das normas de hixiene.

RP6 Tipos de documentos no ámbito sanitario:

- CR6.1. Documentación sanitaria: historias, citacións, colaboracións con outros servizos, probas diagnósticas e probas terapéuticas.
- CR6.2. Documentación administrativa: protocolos, normativas, documentación de prestación do servizo, libros de reclamacións e follas informativas.

Contexto profesional

Medios de producción ou creación de servizos

Arquivo historias clínicas.

Produtos ou resultado do traballo

Ordenación, traslado e manexo da documentación. Traslado e manexo de mostras biolóxicas. Clasificación.

Información utilizada ou xerada

Protocolo arquivo historias clínicas. Protocolo de asepsia e de illamento. Protocolo de limpeza de mesas de autopsias e materiais cirúrxicos. Protocolo de ergonómia. Impresos e solicitudes de probas e historia clínica. Procedementos de prevención de riscos laborais.

UNIDADE DE COMPETENCIA 4

Denominación Aplicar técnicas de apoio psicolóxico e social en situacións de crises.

NIVEL 2

CÓDIGO UCXXX4_2

Realizacións profesionais e criterios de realización

RP 1: Aplicar os primeiros auxilios psicolóxicos aos afectados directos.

CR 1.1 As técnicas de contención de estrés ante situacións de pánico.

CR 1.2 O contacto co afectado establécese por demanda da vítima ou dalgún achegado.

- CR 1.3 As necesidades psíquicas dos afectados valóranse, aplicándose técnicas de soporte psicológico apropiadas para o seu estado emocional.
- CR 1.4 O afectado que requira atención médica ou psicolóxica especializada derívase ao posto asistencial.
- CR 1.5 Establécese unha comunicación fluída co afectado.
- CR 1.6 Respóndese, na medida do posible, a todas as cuestións suscitadas polo afectado.
- CR 1.7 Infúndese confianza no paciente en toda a actuación.
- CR 1.8 Facilitase a comunicación do paciente cos seus familiares.

RP 2: Apoiar psicoloxicamente aos familiares dos pacientes en situación de compromiso vital ou afectados.

- CR 2.1 En situacións de duelo, realiza apoio psicológico aos familiares das vítimas.
- CR 2.2 Favorécese que o afectado poida minimizar os seus vivencias negativas, favorecendo a expresión dos seus sentimentos.
- CR 2.3 Establécese unha comunicación fluída cos familiares dos pacientes respondendo ás cuestións que puideren suscitar.
- CR 2.4 Infórmase aos familiares da posibilidade de solicitaren axuda psicolóxica especializada.
- CR 2.5 As situacións colectivas de irritabilidade xestiónanse adecuadamente para diminuír ou paliar as vivencias negativas asociada a situacións de estrés.

RP 3: Orientar e informar aos pacientes e os seus familiares de acordo á situación emocional xurdida.

- CR 3.1 O paciente e a súa familia son orientados sobre as condutas que deben seguir ante situacións de lesións ou perdas.
- CR 3.2 Os familiares dos feridos reciben orientación sobre as posibilidades de recibiren apoio psicolóxico especializado.
- CR 3.3 Proporcionase información sobre as canles para adquirir prestacións sociais que cubran as necesidades básicas das persoas afectadas por unha catástrofe.

RP 4: Aplicar técnicas de autoaxuda fronte aos factores estresantes.

- CR 4.1 Ante a chegada dunha situación asistencial de gran magnitude tómanse as medidas preventivas oportunas.
- CR 4.2 As técnicas individuais de control de estrés aplícanse por cada profesional que o precise.
- CR 4.3 Ante a detección de signos de fatiga psíquica evidentes por outro membro do equipo de traballo póñense en marcha técnicas de axuda mutua.

Contexto profesional

Medios de produción

Técnicas de comunicación; técnicas de información; técnicas de observación e valoración; protocolos de Actuación.

Produtos e resultados

Coñecer as necesidades psicolóxicas do paciente; infundir seguridade no paciente ante a asistencia; canalizar os sentimentos dos familiares ante o dó; aplacar as situacións de irritabilidade colectiva; promover hábitos e condutas saudables.

Manexar técnicas de autoaxuda e control de estrés, infundir seguridade e control ante o grupo operativo co que se interveña.

Información utilizada ou xerada

Guías de manexo psicolóxico de pacientes, protocolos de relación e comunicación interpersoais.

Recomendacións sobre técnicas de autoaxuda e control de estrés.

II. FORMACIÓN DO CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE

MÓDULO FORMATIVO 1

Denominación: Atención ao público en centros sanitarios

Código: MFXXX1_2

Nivel de cualificación profesional: 2

OBXECTIVO DO MÓDULO:

Aplicar as técnicas de atención e de información a pacientes e familiares en centros sanitarios para facilitar a prestación do servizo.

DURACIÓN DO MÓDULO:

60 horas.

Asociado á Unidade de Competencia: UCXXX1-2

Capacidades e criterios de avaliación

C1- Transmitir información na acollida e comunicación cos pacientes e familiares:

- CE1.1. Utilizar un trato agradable e respectuoso.
- CE1.2. Realizar diferentes tipos de preguntas en función da información que se pretende conseguir.
- CE1.3. Utilizar as técnicas verbais e non verbais de comunicación.
- CE1.4. Detectar as barreiras ou interferencias da comunicación.
- CE1.5. Identificar as necesidades do paciente.

CE1.6. Transmitir a información expoñendo os argumentos oportunos.

C2: Manexar os principios básicos da comunicación.

CE2.1 Explicar o sentido do concepto de comunicación e describir os elementos de: emisor, receptor e mensaxe.

CE2.2 Definir as distintas canles comunicativos, así como os diferentes tipos de comunicación.

CE2.3 Nun suposto práctico onde se preste asistencia a un paciente:

Aplicar ante diferentes escenarios, as diferentes técnicas de comunicación.

CE2.4 Reproducir técnicas de escoita activa.

CE2.5 Reproducir técnicas de resposta pasiva, agresiva e asertiva.

C3: Diferenciar distintas situacións que dificulten a comunicación.

CE3.1 Nun suposto práctico onde se susciten situacións que produzan dificultade na comunicación:

Aplicar as medidas de control necesarias.

CE3.2 Explicar os principios básicos da comunicación sanitario paciente.

Contidos

1. **Atención dos celadores/as aos usuarios/as dun centro sanitario.**

Habilidades de comunicación

Técnicas de comunicación: Verbal e non Verbal
Tipos de información

2. Comunicación.

Elementos que interveñen na comunicación: Emisor. Receptor. Mensaxe. Canles comunicativos: auditivo, visual, táctil, olfativo. Tipos de comunicación: Linguaxe verbal. Linguaxe non verbal. Dificultades da comunicación: Mensaxes que dificultan a comunicación. Habilidades básicas que melloran a comunicación interpersoal. A arte de escoitar.

Habilidades sociais.

Escoita activa. Negociación. Asertividade. Principais respostas asertivas. Técnicas de comunicación e relación grupal: Psicoloxía do traballo en equipo. Dinámica grupal. O rol do profesional sanitario.

O rol do paciente. Comunicación do profesional sanitario con paciente. A relación de axuda.

Orientacións metodolóxicas

Formación a distancia:

Módulo formativo. Número máximo de horas que se darán a distancia

Módulo formativo 20 Horas

Secuencia:

Criterios de acceso para os alumnos

Débase demostrar ou acreditar un nivel de competencia nos ámbitos sinalados a continuación, que asegure a formación mínima necesaria para cursar o módulo con aproveitamento:

Comunicación en lingua Galega
Comunicación en lingua castelá.
Competencia matemática.

MÓDULO FORMATIVO 2

Denominación: Traslado de pacientes e Técnicas de mobilización a pacientes e de asistencia ao persoal de enfermería

Código: MFXXX2_2

Nivel de cualificación profesional: 2

Asociado á Unidade de Competencia: UCXXX2

OBXECTIVO DO MÓDULO:

Aplicar as técnicas de traslado de pacientes con total seguridade, utilizando os medios adecuados ás súas necesidades. Aplicar as técnicas de axuda ao persoal de enfermería na mobilización e asistencia ao paciente.

DURACIÓN DO MÓDULO:

140 horas.

UNIDADE FORMATIVA 1

Denominación: SUXEICIÓN E TRASLADO DE PACIENTES

Código: UFXXX

Duración: 70 horas

Referente de competencia: Esta unidade formativa correspondese coas RP1, RP2, RP3 e RP4

Capacidades e criterios de avaliación

C1 Realizar a suxeición e o traslado de pacientes mediante diferentes equipos:

- CE1.1. Comprobar os datos de petición de traslado.
- CE1.2. Determinar o circuío de traslado.
- CE1.3. Seleccionar o medio de transporte adecuado.
- CE1.4. Determinar o material accesorio necesario para realizar o traslado.
- CE1.5. Colocar ao paciente na posición adecuada na padiola ou cadeira.
- CE1.6. Realizar a suxeición do paciente.
- CE1.7. Manipular o equipo mediante a técnica adecuada
- CE1.8. Circular á velocidade indicada en función da urxencia e das condicións físicas da contorna.
- CE1.9. Trasladar ao paciente en cadeira, padiola e cama, manobrando con destreza.
- CE1.10. Trasladar falecidos ao depósito de cadáveres polos circuítos establecidos e preservando o debido respecto durante o traslado.
- CE1.11. Realizar o control de material de traslado.

C2 Colocar o corpo humano na posición adecuada para a execución de esforzos co fin de evitar autolesiones:

- CE2.1. Colocar o corpo na posición adecuada para coller obxectos de distinto peso e volume situados por encima da cabeza e no chan.

Contidos

1. Pacientes dun centro sanitario

Características.

Tipoloxía en función da patoloxía.

2. Posicións anatómicas en función da patoloxía, na unidade de hospitalización dun centro sanitario

Anatomía básica en función das mobilizacións e traslados a realizar.

Tipos.

3. Técnicas de actuación cos pacientes: aplicación

Suxección: medidas e medios.

Inmovilización: medidas e medios.

Illamento de pacientes: tipos, materiais e medidas.

Traslado: técnicas, métodos de evacuación, medios de transporte e tipos (pacientes, ¿éxitus?, amputacións e fetos).

Transferencias: tipos e métodos.

UNIDADE FORMATIVA 2

Denominación: MOBILIZACIÓNS E INMOBILIZACIÓNS DE PACIENTES

Código: UFXXX

Duración: 70 horas

Referente de competencia: Esta unidade formativa correspóndese coas RP5, RP6, RP7 e RP8

Capacidades e criterios de avaliación

C3 Realizar mobilizacións a diferentes tipos de pacientes:

- CE3.1. Colocar pacientes en posición bipedeste.
- CE3.2. Colocar pacientes en posición sedente.
- CE3.3. Colocar pacientes nas diferentes modalidades de decúbito.
- CE3.4. Colocar pacientes en posición de seguridade.
- CE3.5. Calibrar as básculas médicas.
- CE3.6. Utilizar os guindastres para o control de peso e no baño asistido.

C4 Realizar suxeicións e inmovilizacións de pacientes:

- CE4.1. Suxeitar aos pacientes con delicadeza, seguridade e na posición adecuada.
- CE4.2. Previr a aparición de lesións.
- CE4.3. Colaborar co persoal de enfermería de forma coordinada nas tarefas de suxeición e inmovilización de pacientes.

C5 Utilizar a protección universal e o illamento na atención de pacientes infecciosos:

- CE5.1. Realizar o lavado de mans en función do protocolo establecido e dos coidados a realizar ou xa realizados.
- CE5.2. Utilizar os métodos de protección persoal adecuados.

CE5.3. Utilizar o tipo de contedores preestablecidos e os circuitos específicos de eliminación dos residuos do paciente ou dos xerados durante a súa atención.

C6: Describir as técnicas básicas sanitarias de urxencias e de primeiros auxilios determinando a máis adecuada en función da situación.

CE6.1 Describir a existencia dunha urxencia vital, e os mecanismos de actuación previstos nunha unidade ou servizo e explicar técnicas de Reanimación Cardio Pulmonar (RCP), hemorraxias externas, accidentados e politraumatizados.

CE6.2 En supostos prácticos debidamente caracterizados:

- Aplicar coidados de urxencia en queimaduras.
- Aplicar coidados de urxencia en conxelacións.
- Aplicar coidados de urxencia en descargas eléctricas.
- Aplicar coidados de urxencia en intoxicacións.
- Aplicar coidados de urxencia en mordeduras e picaduras.
- Aplicar coidados de urxencia en inxestión de corpos extraños.

Contidos

1. Accesorios para a mobilización de pacientes: tipos e características

2. Ayudas técnicas para a mobilidade: tipos e características

Muletas.
Bastón.
Andadores.
Cinturón de traslado.

Sillas de rodas: accesorios.
Camas e camillas.
Guindastres.
Culleres.
Taboas.

3. Documentación e lexislación relativa á mobilización de pacientes

Servicios dun centro sanitario.
Plan de Emerxencias e Catástrofes.
Impresos de peticións de proba.
Protocolos de suxección mecánica.
Normativa de hixiene preventiva.
Normativa sobre riscos laborais.
Normativa vixente sobre protección de datos e de documentación clínica.
Protocolos de traslado.
Protocolos de ergonomía.

4. Prestación de primeiros auxilios en situacións de urxencia en institucións

- Recoñecemento das situacións de risco: protocolos e normas sobre cando intervir. Avisos ás profesionais responsables.

- Técnicas de actuación urxente en caso de :
 - Intoxicacións.
 - Inxestión de corpos estraños, atragantamiento.
 - Traumatismos. Vendaxes e inmovilizacións.
 - Reanimación cardiopulmonar.
 - Hemorraxias externas.
 - Queimaduras.
 - Conxelacións.
 - Descargas eléctricas.

- Picaduras e mordeduras.

- Mantemento de botiquines.

Orientacións metodolóxicas

Formación a distancia:

Módulo formativo, Número máximo de horas que se darán a distancia

Unidade Formativa 1 25 Horas

Unidade Formativa 2 25 Horas

Secuencia: As unidades formativas pódense programar de maneira independente.

Criterios de acceso para os alumnos

Débase demostrar ou acreditar un nivel de competencia nos ámbitos sinalados a continuación, que asegure a formación mínima necesaria para cursar o módulo con aproveitamento:

Comunicación en lingua Galega

Comunicación en lingua castelá.

Competencia matemática.

MÓDULO FORMATIVO 3

Denominación: Traslado de documentación, materiais e mostras biolóxicas

Código: MFXXX3_2

Nivel de cualificación profesional: 2

Asociado á Unidade de Competencia: UCXXX3_2

OBXECTIVO DO MÓDULO:

Aplicar os procedementos de traslado de documentos clínicos, materiais e mostras biolóxicas dentro dunha institución sanitaria segundo as normas establecidas.

DURACIÓN DO MÓDULO:

50 horas.

Capacidades e criterios de avaliación

C1 Efectuar o traslado de documentos:

- CE1.1. Clasificar os diferentes tipos de impresos e documentos.
- CE1.2. Utilizar as canles de tramitación dos documentos establecidos polo centro.
- CE1.3. Usar o método de transporte adecuado.
- CE1.4. Seleccionar a documentación de traslado prioritario.
- CE1.5. Comprobar os datos da documentación.
- CE1.6. Localizar as unidades ás que deben ser trasladados os documentos.

C2 Efectuar o traslado de materiais:

- CE2.1. Elixir o medio de transporte adecuado en función do material a trasladar.
- CE2.2. Seleccionar medios de transporte alternativos.
- CE2.3. Trasladar o material seguindo os circuitos establecidos en función das características do mesmo.
- CE2.4. Preparar os sistemas de oxigenoterapia e de aire comprimido portátiles.

CE2.5. Preparar o equipo portátil de ventilación mecánica.

C3 Efectuar o traslado de mostras biolóxicas:

CE3.1. Relacionar os tipos de peticións e solicitudes cos servizos correspondentes.

CE3.2. Contrastar os datos de identificación das mostras biolóxicas cos datos das peticións e solicitudes.

CE3.3. Elixir o medio de transporte adecuado en función da mostra, o tempo e o tipo de recipiente.

CE3.4. Tomar as precaucións necesarias no traslado de mostras biolóxicas.

C4 Controlar o mantemento básico das instalacións dun centro sanitario:

CE4.1. Identificar as principais anomalías de funcionamento básico das instalacións xerais dun centro sanitario.

CE4.2. Informar das anomalías observadas pola canle oportuna.

CE4.3. Interpretar os distintos sinais de alarma das instalacións.

C5 Organizar a documentación de uso en centros sanitarios:

CE5.1 Diferenciar a documentación clínica da documentación de tipo administrativo.

CE5.2. Interpretar os contidos de cada tipo de documentación.

CE5.3 Comprobar a cubrición dos datos necesarios.

CE5.4. Determinar o circuíto de tramitación que debe seguir cada tipo de documentación.

C6 Organizar os ficheiros de pacientes:

CE6.1. Organizar os ficheiros por orde alfabético.

- CE6.2. Organizar os ficheiros por data de alta dos pacientes.
- CE6.3. Organizar os ficheiros polos diferentes servizos do centro onde están ingresados os pacientes.

Contidos

1. Materiais da área cirúrxica

- Camas: posicións e accesorios.
- Mesas cirúrxicas: clases e accesorios.
- Instrumental de autopsias.
- Equipamento dos servizos especiais: tipos.

2. Protocolos, normativa e impresos de unidades especiais

- Datos da tarxeta sanitaria
- Normas de conservación de mostras biolóxicas.
- Normativa sobre riscos laborais.
- Protocolos de asepsia.
- Limpeza instrumental e mesas de autopsias: técnicas, instrumentos e protocolos.

Orientacións metodolóxicas

Formación a distancia:

Módulo Formativo, Número máximo de horas que se impartirá a distancia

Módulo Formativo 20 Horas

Cráterios de acceso para os alumnos

Débase demostrar ou acreditar un nivel de competencia nos ámbitos sinalados a continuación, que asegure a formación mínima necesaria para cursar o módulo con aproveitamento:

Comunicación en Lingua Galega

Comunicación en lingua castelá.

Competencia matemática.

MÓDULO FORMATIVO 4

Denominación: **Técnicas de apoio psicolóxico e social en situacións de crise**

NIVEL 2

CÓDIGO MFXXX4_2

Asociado á UC Aplicar técnicas de apoio psicolóxico e social en situacións de crises.

Duración horas 90

Capacidades e criterios de avaliación

C1: Analizar os principios básicos da psicoloxía xeral.

- CE1.1 Definir o concepto de personalidade.
- CE1.2 Explicar as etapas de desenvolvemento da personalidade e as súas diferentes teorías.
- CE1.3 Explicar os mecanismos de defensa da personalidade e a súa aplicación práctica.
- CE1.4 Analizar que circunstancias psicolóxicas poden provocar disfuncións de comportamento en persoas sometidas a condicións especiais.

C2: Identificar os comportamentos e as reaccións psicopatolóxicas dos afectados por unha catástrofe.

- CE2.1 Explicar os comportamentos máis frecuentes.
- CE2.2 Describir as principais reaccións psicopatolóxicas.
- CE2.3 Explicar as necesidades de atención psicolóxica dependendo a súa reacción psicopatolóxica.

C3: Aplicar os primeiros auxilios psicolóxicos nunha situación de catástrofe simulada.

- CE3.1 Definir os obxectivos e principios para a aplicación dos primeiros auxilios psicolóxicos.
- CE3.2 Recoñecer os factores que determinan as respostas emocionais
- CE3.3 Diferenciar as diferentes estratexias de control emocional.
- CE3.4 Reproducir habilidades básicas para controlar emocións non desexadas.
- CE3.5 Nun suposto práctico de intervención psicolóxica básica:
 - Controlar unha situación de dó.
 - Controlar unha situación de ansiedade e angustia.
 - Controlar unha situación de agresividade.
- CE3.6 Describir as funcións do equipo psicosocial.

C4: Analizar as posibles reaccións psicolóxicas dos equipos de intervención na catástrofe.

- CE4.1 Explicar os principais factores estresantes que afectan aos equipos de intervención.
- CE4.2 Explicar as diferenzas entre a síndrome do queimado e o traumatismo vicariante.

C5: Explicar as técnicas de apoio psicolóxico aos intervinientes.

- CE5.1 Enunciar os obxectivos do apoio psicolóxico aos intervinientes.
- CE5.2 Explicar os principais elementos estresantes nunha catástrofe.
- CE5.3 Explicar os fundamentos das técnicas de apoio psicolóxico aos intervinientes.
- CE5.4 Definir as connotacións especiais que presentan a psicoloxía do traballo en equipo.

Capacidades cuxa adquisición debe ser completada nunha contorna real de traballo

C3 respecto de CE3.5 e CE3.6; C6 respecto de CE6.3 e C7 respecto de CE7.1

Outras capacidades:

Demostrar interese e preocupación por atender satisfactoriamente as necesidades dos pacientes

Demostrar cordialidade, amabilidade e actitude conciliadora e sensible aos demais.

Tratar ao paciente con cortesía, respecto e discreción

Actuar con rapidez en situacións problemáticas e non limitarse a esperar.

Demostrar certo grado de autonomía na resolución de continxencias relacionadas coa súa actividade.

Responsabilizarse do traballo que desenvolve e do cumprimento dos obxectivos.

Demostrar un bo facer profesional.

Propoñer alternativas co obxectivo de mellorar resultados.

Demostrar interese polo coñecemento amplo da organización e os seus procesos.

Participar e colaborar activamente no equipo de traballo.

Comunicarse eficazmente coas persoas adecuadas en cada momento, respectando as canles establecidas na organización.

Compartir información co equipo de traballo.

Interpretar e executar instrucións de traballo.

Transmitir información con claridade, de xeito ordenado, estruturada, clara e precisa.

Demostrar resistencia ao estrés, estabilidade de ánimo e control de impulsos.

Habituarase ao ritmo de traballo da empresa.

Contidos

Principios da psicoloxía xeral.

- Concepto de personalidade. Desenvolvemento da personalidade. Teorías. Etapas evolutivas do ser humano.
- Características fundamentais. As necesidades humanas. Mecanismos de defensa da personalidade.
- Experiencias máis comúns asociadas ao proceso de enfermarse (ansiedade, desarraigamento, desvalorización, entre outras). Principais mecanismos de adaptación psicolóxicos ante a vivencia de enfermidade.

Primeiros auxilios psicolóxicos en catástrofes.

- Comportamento da poboación ante unha catástrofe. Reacción de conmoción - inhibición - estupor. Reacción de pánico. Éxodos. Reaccións psicopatolóxicas dos afectados por unha catástrofe: Reacción emocional desaxustada. Reacción neuropatolóxica duradeira. Reacción psíquica grave. Reaccións psicolóxicas e do comportamento segundo o período da catástrofe: Período precrítico. Período de crise. Período de reacción. Período

postcrítico. Apoio psicológico en catástrofes: Obxectivos. Principios da atención psicolóxica. Factores estresantes. Control de situacións de crise. Medidas de contención.

- Situacións de dó. Situacións de tensión. Situacións de agresividade. Situacións de ansiedade e angustia. Funcións do equipo psicosocial.

As reaccións psicolóxicas dos intervinientes. Apoio psicolóxico.

- Obxectivos do apoio psicolóxico. Principais factores estresantes. Estrés. Síndrome do queimado.
- Traumatismo vicariante. Técnicas de axuda psicolóxica para os intervinientes:

Técnica de axuda mutua. (buddy-system).

Técnicas de ventilación emocional e afrontamento de situacións críticas. (defusing ou debriefing). Técnicas de control de estrés.

Orientacións metodolóxicas

Formación a distancia:

Módulo Formativo, Número máximo de horas que se darán a distancia

Módulo Formativo	30	Horas
------------------	----	-------

Criterios de acceso para os alumnos

Débase demostrar ou acreditar un nivel de competencia nos ámbitos sinalados a continuación, que asegure a formación mínima necesaria para cursar o módulo con aproveitamento:

Comunicación en Lingua Galega

Comunicación en lingua castelá.

Competencia matemática.

MÓDULO DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE CELADOR SANITARIO

Código: MP00XX

Duración: 80 horas

Capacidades e criterios de avaliación

C1. Desenvolver intervencións dirixidas ás actividades da vida diaria do usuario, colaborando en mellóraa e/ou mantemento da súa autonomía.

CE1.1 Responder ante as diferentes situacións que se presenten na institución, coa actuación adecuada ás mesmas.

CE1.2. Informar adecuadamente ao usuario sobre as actividades previstas.

CE1.3 Adaptar ás características individuais dos usuarios a realización das actividades.

C2. Comunicarse coas persoas do equipo interdisciplinario, de acordo ás canles establecidas pola institución.

CE2.1 Cando xurda unha incidencia, comunicala á persoa do equipo á que se debe informar.

CE2.2 Utilizar a linguaxe adecuada, coidando a concreción do mesmo.

C3. Acompañar aos usuarios no marco das súas actividades dentro da institución.

- CE3.1 Identificar as situacións de crise emocional, actuando de xeito adecuado.
- CE3.2 Observar e explicar as reaccións dos grupos de usuarios, recoñecendo os mecanismos das relacións grupais.

C4. Aplicar as técnicas de comunicación para así favorecer as relacións sociais dos usuarios con problemas de comunicación.

- CE4.1 Utilizar recursos e estratexias para favorecer a comunicación dos usuarios.
- CE4.2 Utilizar o método de apoio adecuado para a mellor comunicación co usuario (escritura, fotos, xestos, etcétera)
- CE4.3 Utilizar unha linguaxe sinxela para conversar cos usuarios

C5: Participar nos procesos de traballo da empresa, seguindo as normas e instrucións establecidas no centro de traballo.

- CE5.1 Comportarse responsablemente tanto nas relacións humanas como nos traballos que se deban realizar.
- CE5.2 Respetar os procedementos e normas do centro de traballo.
- CE5.3 Emprender con dilixencia as tarefas segundo as instrucións recibidas, tratando de que se adecúen ao ritmo de traballo da empresa.
- CE5.4 Integrarse nos procesos de produción do centro de traballo.
- CE5.5 Utilizar as canles de comunicación establecidos.
- CE5.6 Respetar en todo momento as medidas de prevención de riscos, saúde laboral e protección do medio ambiente.

Contidos

1. Uso de documentación e protocolos no ámbito da institución:

- Utilización dos protocolos de actuación.
- Transmisión da información correspondente ao usuario.
- Rexistro das incidencias no documento correspondente e transmitir a información.
- Utilización da documentación sociosanitaria correspondente a cada caso.

2. Técnicas de apoio psicosocial e de comunicación en institucións:

- Habilidades sociais que favorezan a integración do usuario.
- Actividades de acompañamento ao usuario, atendendo ás súas características.
- Colaboración na estimulación das capacidades intelectuais do usuario,
- Fomento da autonomía persoal do usuario nas actividades diarias.
- Utilización das axudas necesarias e adecuadas para mellorar a comunicación co usuario.
- Sistemas de comunicación, habituais e alternativos: Utilización da linguaxe (tanto oral, como xestual ou por escrito) que se adapte ás características persoais do usuario (sexo, idade, nivel cultural, orixe).

3. Integración e comunicación no centro de traballo

- Comportamento responsable no centro de traballo.
- Respecto aos procedementos e normas do centro de traballo.
- Interpretación e execución con dilixencia as instrucións recibidas.

- Recoñecemento do proceso produtivo da organización.
- Utilización das canles de comunicación establecidos no centro de traballo.
- Adecuación ao ritmo de traballo da empresa.
- Seguimento das normativas de prevención de riscos, saúde laboral e protección do medio ambiente.

IV. PRESCRICIÓN DOS FORMADORES

Módulo Formativo	Titulación requirida	Experiencia profesional requirida no ámbito da unidade de competencia	
		Si cóntase coa titulación	Si non se conta a titulación
Atención ao público en centros sanitarios	<ul style="list-style-type: none"> * Licenciado en Medicina e Cirurxía * Diplomado en Enfermería * TCE (Técnico en cuidados enfermeros) * Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional Sanitaria 		
Traslado de pacientes e Técnicas de mobilización a pacientes e de asistencia ao persoal de enfermería	<ul style="list-style-type: none"> * Licenciado en Medicina e Cirurxía * Diplomado en Enfermería * Diplomado en Fisioterapia * Diplomado en Terapia Ocupacional * TCE (Técnico en cuidados enfermeros) * Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional Sanitaria 		
Traslado de documentación, materiais e mostras biolóxicas	<ul style="list-style-type: none"> * Licenciado en Medicina e Cirurxía * Diplomado en Enfermería * TCE (Técnico en cuidados enfermeros) * Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional Sanitaria 		
Técnicas de apoio psicolóxico e social en situacións de crises	<ul style="list-style-type: none"> * Licenciado en Medicina e Cirurxía * Diplomado en Enfermería * Técnico superior en Integración Social * Licenciado en Psicoloxía * Diplomado en Educación Social * Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional Sanitaria 		

V. REQUISITOS MÍNIMOS DE ESPAZOS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMIENTO

Espazo Formativo	Superficie m² 15 alumnos	Superficie m² 25 alumnos
Aula polivalente	30	50
Aula-taller sociosanitaria	60	90

Espazo Formativo M1 M2 M3 M4

Aula polivalente
Aula-taller sociosanitaria

Espazo Formativo Equipamento

Aula polivalente

- Encerado para escribir con rotulador
- Equipos audiovisuais
- Portafolios
- Material de aula
- Mesa e cadeira para formador
- Mesas e cadeiras para alumnos.

Espazo Formativo Equipamento

Aula-taller sociosanitaria

- Utensilios e material de consumo de hixiene persoal, limpeza e sanitario.
- Padiolas e camas, roupa de cama
- Cadeira de rodas.
- Bastóns e muletas.
- Manequíns.
- Sondas-goteiros.

- Material para a recolleita de eliminación.
- Material para a alimentación.
- Medidores de temperatura, tensión arterial e glicemia dixital.
- Botica de primeiros auxilios.
- Material básico de limpeza e desinfección de instrumental sanitario.
- Pictogramas do sistema SPC.
- Exemplos de documentación sociosanitaria propia de institucións para dependentes.
- Roupa de traballo.

Non debe interpretarse que os diversos espazos formativos identificados deban diferenciarse necesariamente mediante cerramentos.

As instalacións e equipamentos deberán cumprir coa normativa industrial e hixiénico sanitaria correspondente e responderán a medidas de accesibilidade universal e seguridade dos participantes.

O número de unidades que se deben dispoñer dos utensilios, máquinas e ferramentas que se especifican no equipamento dos espazos formativos, será o suficiente para un mínimo de 15 alumnos e deberá incrementarse, no seu caso, para atender a número superior.

No caso de que a formación se dirixa a persoas con discapacidade realizaranse as adaptacións e os axustes razoables para asegurar a súa participación en condicións de igualdade.



S A U D E

The image features a stylized logo for the word "SAUDE". The letters are rendered in a bold, black, sans-serif font. The 'S' is a simple, thick, curved shape. The 'A' is a solid, vertical rectangle. The 'U' is a thick, curved shape. The 'D' is a thick, curved shape with a small, white, curved cutout on its right side. The 'E' is a thick, curved shape with a small, white, curved cutout on its right side. Below the logo, the letters 'S', 'A', 'U', 'D', and 'E' are printed in a smaller, bold, black, sans-serif font, each centered under its corresponding letter in the logo above.